

**PROPOSTA DE URXENCIA**  
**A DIGNIFICACIÓN DA ATENCIÓN Á DEPENDENCIA SEGUE SENDO ESENCIAL**  
**HAI UNHA DÉBEDA POLÍTICA E SOCIAL INDIFERIBLE**

A dependencia é unha das cuestións ás que debemos enfrontarnos como sociedade. A vida está a prolongarse e con iso está a aumentar o número de persoas que precisan atención e coidados, porque esa prolongación da vida tamén trouxo consigo unha perda de capacidades e unha deterioración tanto física como psicolóxica.

Desde que se declarou o Estado de Alarma a mediados de marzo de 2020 e durante todo o tempo que levamos de pandemia todo o persoal sociosanitario que atende a maiores e persoas dependentes, tanto en residencias como nos seus propios domicilios, estiveron e están en primeira liña contra o coronavirus, que segue activo azoutando con virulencia e ás persoas de idade que son moi vulnerables e polo tanto colectivo de risco.

O modelo maioritario de xestión privada de atención a dependencia coa pandemia, xerou alarma social e se sucederon os anuncios de debater e mudar o modelo. Pero de momento seguense os paradigmas de dotar de presupostos públicos insuficientes a prestación deste dereito social e a partir desta premisa mediante contratos ou concertos públicos entregar a xestión a empresas privadas que con recursos insuficientes pretenden obter beneficios económicos coa xestión.

O resultado non pode ser outro que aforrar custos para xerar cada vez máis beneficios, con cocientes de persoal insuficientes, precarización laboral e incumprimentos de convenio, medidas de prevención escasas, axudas técnicas escasas, aforro en material funxible e manutención, polo tanto malas condicións laborais e perda da calidade de atención as persoas usuarias.

En teoría considerouse a todo o persoal de coidados do Sector da Dependencia como persoal esencial e se anunciou o cambio de modelo, pero a realidade é todo o contrario. Persisten as precarias condicións laborais destas persoas traballadoras que atenden aos nosos maiores. Persisten os cocientes de persoal totalmente insuficientes, especialmente de Xerocultoras/TCAE, persisten os incumprimentos de convenio, persisten a ausencia de actualización dos convenios colectivos, persisten as adxudicacións a baixa dos contratos ou concertos públicos, e persiste a ausencia de normas básicas que actualicen os requisitos dos centros e do persoal para o seu financiamento.

A inhibición do Ministerio e da Consellería de política social responde a unha falla de vontade política de dotar presupostariamente a atención a dependencia reforzando a rede pública de xestión pública, actualizando a regulación das condicións de acreditación e funcionamento dos centros, e establecendo plans anuais de actuación de oficio das inspeccións de traballo e servizos sociais, entre outras.....

A situación da axuda a domicilio é un exemplo moi clarificador. As administracións non teñen competencias de tutela do prezo hora de adxudicación do servizo, e nos concellos aínda que se trate de prestación de servizos para dar cobertura a dereitos con presupostos públicos, proliferan as adxudicacións a baixa que fan inviable cumprir coas condicións laborais das traballadoras, non hai mecanismos de control para que nos pregos de condicións dos contratos públicos para que o prezo permita respectar os dereitos das persoas traballadoras e usuarias.

O Comité nacional reitera a denuncia e demanda dun Diálogo social real a nivel estatal, de Galicia e nos Concellos, no ámbito competencial e cada administración, para avanzar nun novo modelo de atención a dependencia tendente a considerar a xestión directa das residencias e dos servizos de Axuda a Domicilio de Galicia, e establecer unha nova regulación que garanta uns estándares de calidade de servizo as persoas maiores e dependentes e de calidade laboral. Seguen sendo esenciais, e a dignificación do servizo e do persoal de atención a dependencia, unha débeda política e social indiferible por máis tempo.